



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE MARZO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de marzo de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 28 de febreiro do dous mil once (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

#### INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Francisco Javier Meruéndano Pardo**, con domicilio a efectos de notificación na Travesía Portocarreiro nº 12, 2º B, Ourense, con número de rexistro de entrada 983. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 02.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Progreso nº 6 (Ref. Catastral 06229/26), a solicitude de **Don Francisco Javier Meruéndano Pardo**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Francisco Javier Meruéndano Pardo**, con domicilio a efectos de notificación na Travesía Portocarreiro nº 12, 2º B, Ourense, con número de rexistro de entrada 984. A proposta da Concelleira



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 02.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Progreso nº 8 (Ref. Catastral 06229/27), a solicitude de **Don Francisco Javier Meruéndano Pardo**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3.- “Solicitude de información urbanística interesada por **Don Jose L. Conde Conde**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Rodriguez de la Fuente 11, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 775. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 04.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Rodriguez de la Fuente 15 B (Ref. Catastral 0015663NG7801N0001UE), a solicitude de **Don Jose L. Conde Conde**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.- “Solicitude de información urbanística interesada por **Dona Orosia Gonzalez Mojon**, con domicilio a efectos de notificación na Franqueiran nº 36, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 7086. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 04.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Franqueiran nº 36 (Ref. Catastral 002102600NG78C0001ER), a solicitude de **Dona Orosia Gonzalez Mojon**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

5.- “Solicitude de información urbanística interesada por **Don Ramon Alonso Camba**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Parque nº 26, O Carballiño, con número de rexistro de entrada 635. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 02.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Ribeiro nº 43 (Ref. Catastral 06276/01), a solicitude de **Don Ramon Alonso Camba**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

#### ACOMETIDAS DE AUGA.-

1.-“Visto o escrito presentado pola **Comunidad Rodríguez de la Fuente**, con domicilio na Rúa Rodríguez de la Fuente nº 1, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

2.-"Visto o escrito presentado por **Don Alfonso Díaz Quesada**, con domicilio na Rúa Portalaxe nº 16, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

3.-"Visto o escrito presentado por **Dona Maria José González Feijoo**, con domicilio na Rúa Ribeiro nº 34, 1º B, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

4.-"Visto o escrito presentado por **Don Abelardo González Lamas**, con domicilio en Macendo, San Cristóbal, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

5.-"Visto o escrito presentado por **Don Francisco Carballal Fernández**, con domicilio na Rúa Progreso nº 11, 1º B, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

6.-"Visto o escrito presentado por **PANELES PASEIRO, S.L.**, con domicilio no Parque Empresarial de Rivadavia nº 39-49, San Cristóbal, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial,



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

7.-"Visto o escrito presentado por **Don Francisco Carballal Fernandez**, con domicilio na Rúa Progreso nº 11, baixo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso local comercial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion da sentenza 1170/2011 do Xulgado do Social nº1 de Ourense.
2. Comunicacion da Deputacion Provincial de Ourense con data RE 1 de marzo de 2011 Nº RE 1052, relativa a autorizacion de subvencion para contratacion de choferes de maquinas rozadoras.
3. Comunicacion da Xefatura Territorial da Conselleria de Presidencia con data RE 3 de marzo de 2011 Nº RE 1108, relativa a incoacion de procedemento sancionador contra establecemento publico.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE SERVICIOS“SOPORTES VIRTUAIS PARA A RUTA DE VIÑO DO RIBEIRO”.-**

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o servizo“*SOPORTES VIRTUAIS PARA A RUTA DE VIÑO DO RIBEIRO*”, segundo prego de prescripcions técnicas e prego de clausulas administrativas particulares.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó 15 de novembro de 2010 publicandose no perfil do contratante e presentandose a empresa Mindture, S.L., procedéndose a adxudicación provisional mediante acordo de data 7 de febreiro de 2011 a empresa Mindture S.L., que acreditou estar ao corrente das obrigacions tributarias e de Seguridade Social, e consignando o importe de garantía definitiva (1250,€), mediante aval depositado na tesoureria municipal en data de 04.03.2011.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

1. Adxudicar definitivamente o contrato de servizos “*SOPORTES VIRTUAIS PARA A RUTA DE VIÑO DO RIBEIRO*”, a empresa Mindture S.L.
2. A formalización do contrato realizarase dentro dos 30 días naturais seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

#### **RECONOCIMIENTO DE TRIENIO**

Con data 23 de febreiro de 2011 Don Jose Antonio Coca Rodriguez, presentou solicitude de recoñecemento de servizos prestados a efectos do cómputo de trienio/s correspondentes ao período comprendido entre o ano 2006 e o ano 2011 (con carácter interrompido).

Examinada a documentación que a acompaña, e comprobado pola intervención, de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidad dos presentes, acorda:

1. Recoñecer a favor de Don Jose Antonio Coca Rodriguez Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, Clase Policia Local o seguinte trienio:

Nº de trienio	Posto de traballo	Grupo	Data de recoñecemento
1º	Policia Local	C 1	14/03/2011

2. Dar traslado da presente Resolución a Intervención e Tesourería deste Concello aos efectos de previsión do gasto e formalización do pago.
3. Notificar ao interesado a presente resolución.

#### **APROBACION DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACION ELECTRONICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-**

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.